

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 6 de xullo de 2009 pola que se amplía a autorización para a implantación das modalidades de bacharelato en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, o desenvolven, e das facultades que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.30º da Constitución.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no capítulo IV do seu título I, determina a organización do bacharelato en diferentes modalidades e o Real decreto 806/2006, do 3 de xuño, determina os aspectos básicos do currículo do bacharelato que deberán formar parte do aprobado polas administracións educativas para este nivel educativo no seu ámbito territorial.

A Orde do 29 de maio de 2008 autoriza a implantación das modalidades de bacharelato en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Analizadas as necesidades educativas xurdidas e a oferta de modalidades en funcionamento, resulta aconsellable ampliar e modificar as que figuran autorizadas na devandita orde coa finalidade de mellorar a atención ao alumnado de bacharelato.

De conformidade co exposto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar a implantación da modalidade de bacharelato de artes, vía de artes escénicas, música e danza nos centros públicos seguintes:

IES Ramón M^a Aller Ulloa de Lalín Pontevedra. Código 36004137.

CMUS Profesional Manuel Quiroga de Pontevedra. Código 36019700.

Segundo.-Autorizar a implantación do bacharelato de humanidades e ciencias sociais no centro público:

IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra. Código 36006730.

Terceiro.-Deixan de impartirse as ensinanzas do bacharelato de artes, vía artes escénicas, música e danza no IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra. Non obstante, para os efectos administrativos, dependerá deste centro a implantación do bacha-

relato impartido no CMUS profesional de Pontevedra.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a la Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para tomar as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Orde do 14 de maio de 2009 pola que se crea e se integra na Rede de Bibliotecas de Galicia a axencia de lectura de Vilamartín de Valdeorras.

Vista a proposta da subdirectora xeral de Creación e Difusión Cultural, en conformidade co establecido no artigo 38 do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas,

RESOLVO:

Primeiro.-Crear e integrar na Rede de Bibliotecas de Galicia a axencia de lectura de Vilamartín de Valdeorras.

Segundo.-A resolución favorable de integración estará condicionada á sinatura dun convenio onde se recolla a obriga por parte do centro bibliotecario de prestar un servizo público que deberá axustarse ao estipulado no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, e que poderá responder nos restantes termos ás especiais características de cada tipo de centros.

Terceiro.-O prazo de sinatura deste convenio non deberá ser superior aos tres meses. De non cumprirse este prazo, deixarase sen efecto a posible resolución favorable e suporá o arquivo definitivo da solicitude.

Cuarto.-O posterior incumprimento do devandito convenio poderá ser motivo de exclusión temporal ou definitiva do centro bibliotecario de que se trate da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2009.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo